

1918.

# XOGOS FRORAES

DE

## BETANZOS.



EXCMO. SR. D. XAN VÁZQUEZ DE MELLA  
MANTEÑEDOR.

1918.

XOGOS

FRORAES

DE

**BETANZOS.**

BETANZOS  
IMP. DE MANUEL VILLUENDAS  
VALDONCEL, NÚM. 50

1918.



# TRABALLOS PREMIADOS

N-OS

## XOGOS FRORES

QUE SE CELEBRARON EN BETANZOS

N-O ACOSTO DO 1918,

c'os discursos pronunciados d'aquela  
pol-o mantenedor, Excmo. Sr. D. Xan  
Vázquez de Mella, e pol-o Consellei-  
ro honorario da "Irmandade da Fala"  
da mentada cidade, D. Federico Pita  
Espelosín, y-ademáis c'un epílogo do  
*leader* do rexionalismo galego,

D. Rodrigo Sanz.

## UNHAS VERBAS

---

**A** «Irmandade dos Amigos da Fala» de Betanzos, entidade integrada por un bonfato de rapaces ateigados de fondo amorâ Terra, conxunto de bariles mozos que fixeron un verdadeiro programa d'aquela luminosa fras do mêtstre Porteiro, «n-o orden interior, por enriba de todo, somos galegos, e n-o internazonal, antes que nada, españoles», contando c'a entusiasta e decidida cooperazón do seu Conselleiro honorario, D. Federico Pita Espelosín —nobre e désintresado caba-

leiro que loita a cotío pol-o engrandecemento d'iste pobo esmorecente—e c' o moi valioso concurso —que de corazón agradece—de diversas corporazós, sociedades e sinificadas persoalidades españolas, celebróu o dazasete do derradeiro mes, con motivo dos festexos qu' eiquí se fan cada ano n-a honra do grorioso S. Roque, unhos solemnes Xogos Froraes de carácter eminentemente rexional e, sobor todo, local, xa que son moitos os problemas que se per-sentan n-a vida d' ista vella cibdade, chamada, pol-a sua historia, situazón topográfica y-estraté-xica, e por outras razóns máis ô alcance do senso común, a desempeñar un importante papel n-o porvir, pesi-ôs espíritus indifrentes y-a todos aque-les qu' ollan con vidros afumados o desenvolvimen-to e desenrolo d' ista meiga capital das Mariñas, d' iste fermoso anaco de chan galaico, tan esquen-cido de propios como por alleos cobizado.

Ô mentado torneo cultural concurréu un esco-lleito prantel de persoas adicadas ô estudio das custiós galaicas y-en especial das que teñen rela-zón c' o país betanceiro, suministrando todas elas, en verdade, vastísimo e intresante material pr' o

compreto conocimiento da Galicia e Betanzos, en multitude d' aspeitos. É con ouxeto de que tan útiles traballos sexan do dominio dos amantes da nosa Suevia querendosa e d' iste Brigantium que docemente nos cobixa, danse hoxe á pubricidade, en simpática xuntanza c' a diviña oración do ilustre manteñedor do dito Certamen, do inxente Vázquez de Mella, c' unhas vibrantes y-enxebres cuartillas do apóstol do rexionalismo galego, D. Rodrigo Sanz, e c' o ben pensado y-enxundioso discurso do Sr. Pita Espelosín, que falou n-o nome da agrupazón organizadora de tan culto festival, n-a seguridade ausoluta de que tal brillante antoloxía terá de sêre do xeneral agrado.

Pol-a "Irmandade da Fala",

FRANCISCO VALES VILLAMARÍN,

Presidente.

Mes do San Miguel, n-o 1918.